

BOIRO VOLVE CON MÁIS FORZA NO DÍA DAS PEÑAS.

A pasada edición das festas de Boiro 2009, xuntou a un grupo de amigos na sesión vermú daban color á rúa peonil, con tradicionais camisetas e paños ao pescozo, na procura de facerse co premio en modalidades tan duras coma o tiro a corda, as carreiras de sacos e incluso clásicos coma levar o ovo na cuchara, o que nun principio tivera unha tímida resposta do público no chamado DÍA DAS PEÑAS, o ano pasado tivo unha excelente aceptación, o que se ve confirmado neste ano, posto que para a vindeira edición do Día das peñas, hai anotados este ano 20 peñas, mentras que pola contra o ano pasado eran 6.

Este dato non asusta as peñas máis veteranas, como a DON PAQUITO , BOLÍÑA; RÍA DE AROUSA ou incluso aos integrantes máis novos da peña DON GLOTÓN, que contan con facerse ca vitoria neste ano. Entre as novas incorporación está a da Tasca do Neno, a do Demo, a do Guilligans, a do Miramar, a do Dralión, a do Gavá...

O día das peñas 2010, será o 5 de Xuño e posto que o número de participantes o require, haberá moitas novidades, a primeira das novidades será a ubicación, posto que incluso a rúa peonil semellaba escasa para 6 peñas, este ano o día celebrarase na praza do Concello e para animar a todos aqueles que se animen a participar a Orquesta Superfama pondrán a nota musical na sesión vermú.

Ademais das tradicionais probas que darán comezo as 12.00 h(hora na que todas as peñas están convocadas para dar inicio a dura competición); carreira de sacos, tiro da soga, zancos, ovo – cuchara, cabeza na fariña, mazá a medias, carreira contenedores e máis...despois de deixar tempo para repoñer forzas e voltar a danzar haberá un pinchadiscos que recorrerá as rúas de Boiro cun pasacalles composto por todas as peñas participantes que rematará as 20.00h onde comenzou(na Praza do Concello). Momento no que se entregarán os trofeos aos premiados e darase a elección de cambiar a música máis moderna do pinchadiscos polas verbenas tradicionais.

Para todos aqueles que aínda lle quede curiosidade ou queiran pasalo ben e montar unha peña para o día das festas ata o día 15 de Xuño aínda poden anotarse no Centro Social de Boiro ou no teléfono 620970072.